

BASES PARA A SELECCIÓN DE UNHA (1) PERSOA PARA PRESTAR SERVIZO COMO COORDINADOR TÉCNICO SOCORRISMO EN PRAIAS DO CONCELLO DE SANXENXO ANO 2015.

PRIMEIRA. OBXETO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é a selección e contratación laboral temporal de UNHA (1) persoa co título de licenciado/a en INEF) para exercer as funcións de **COORDINADOR TÉCNICO SOCORRISMO EN PRAIAS DO CONCELLO DE SANXENXO ANO 2015** en réxime contractual de laboral temporal.

A modalidade contractual será a dun contrato de duración determinada a xornada completa para un servizo determinado, exercendo as funcións de coordinador técnico, e por mor da coordinación dos socorristas e sanitarios contratados na tempada de verán para a vixilancia das praias do concello, a contratación farase ó amparo do disposto no apartado 1 a) segundo a redacción dada pola lei 63/1997, do 26 de Decembro (B.O.E. de 30 de Decembro), do art.15 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo (B.O.E. 29-03-1995), por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Os servizos comezaranse a prestar a partir de xullo do presente ano.

SEGUNDA. CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

- a) Ter a nacionalidade do Estado español ou a dalgún dos estados membros da Unión Europea (U.E.) ou a dalgún dos estados membros da Unión Europea (U.E.) ou dalgún daqueles estados os que en virtude dos tratados internacionais celebrados por a U.E. e ratificados por España sexa aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar o cónxuxe, dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte un ou maiores de dita idade que vivan as súas expensas, de acordo co establecido nos artigos 2 e 4 do RD 178/2003, de 14 de febreiro.
- b) Ter 18 anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de licenciado/a en INEF ou equivalente.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no intre da presentación das instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección, así como en cada suposto nos que os/as seleccionados/as sexan requiridos/as para prestar os seus servizos neste concello.

TERCEIRA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, no que os/as aspirantes deberán manifestar todas e cada unha das condicións esixidas para tomar parte da convocatoria dirixiranse á Sra. Alcaldesa do Concello de Sanxenxo, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo de 9:00 á 13:00 horas, durante o prazo de 10 días naturais dende a publicación do correspondente anuncio nun dos periódicos de maior circulación da provincia.

Xuntarse coa instancia a seguinte documentación: fotocopia do D.N.I., currículo extenso e detallado, e dos documentos fotocopias cotexadas, que acrediten os méritos que aleguen e teñan que ser valorados (aqueles aspirantes que tiveran presentado documentación orixinal ou debidamente cotexada en anteriores convocatorias, non terán que aportar os orixinais, facendo constancia na súa solicitude de dita circunstancia).

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria quedarán automaticamente excluídos/as dista.

ALEGACIÓN E XUSTIFICACIÓN DE MÉRITOS:

En ningún caso poderán ser valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que, segundo as presentes Bases, sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

CUARTA. ADMISIÓN DOS ASPIRANTES .

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia ditará resolución no prazo máximo de tres días aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión.

QUINTA. PROCESO DE SELECCIÓN DOS ASPITANTES

Realizarase mediante o sistema do concurso, podendo facer, se o tribunal o establece conveniente unha proba oral, valorándose :

(Ver anexo I)

O tribunal examinará e cualificará nesta fase os méritos dos aspirantes, de acordo cos documentos e xustificantes que presenten xunto as súas instancias e conforme o baremo de méritos que figura no anexo I destas bases. Tódolos méritos deberán ser debidamente acreditados mediante procedemento que garanta a súa veracidade.

Para a valoración dos cursos deberá xustificarse adecuadamente. A puntuación máxima nesta fase será de 0 a 10 puntos.

SEXTA. CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

A valoración dos méritos e, no seu caso, a entrevista, realizaranse na data que se determine pola Presidencia, publicándose o anuncio correspondente no Taboleiro de Anuncios do Concello.

SÉTIMA. CUALIFICACIÓN.

Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará o aspirante proposto por ter a maior puntuación, e elevarase a alcaldía para que emita resolución do nomeamento pertinente.

OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará integrado por :

PRESIDENTE : Luis A. Sabariz Rolán, tesoureiro municipal do Concello de Sanxenxo..

SECRETARIO : Celestino Otero Camiña, funcionario de carreira do negociado de intervención.

VOCAIS : Teresa Reyes Martínez, funcionaria de carreira tesourería municipal.

ASESOR : Carlos Granjel Dios, técnico de emprego e persoal do Concello de Sanxenxo.

NOVENA. INCIDENCIAS

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases.

Sanxenxo, 24 de abril de 2015.

A alcaldesa,

Catalina González Bea.

ANEXO I

BAREMO DE VALORACIÓN DOS MÉRITOS

- a) Por ter desempeñado funcións das mesmas características que as do obxecto da presente convocatoria: 0, 20 puntos por mes ata un máximo de 2 puntos.
- b) Por asistencia a cursos sobre materias relacionadas co posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Cursos de menos de 20 horas :.....0,25 puntos / curso.
 - Cursos de 20 a 40 horas :.....0,50 puntos / curso.
 - Cursos de máis de 40 horas :.....0,75 puntos / curso.
- Ata un máximo de 2,00 puntos.
- c) Por coñecemento do idioma galego:
- Curso de iniciación.....0,50 puntos.
 - Curso de perfeccionamento:.....1 punto.
- (Máximo 1 punto).
- d) Experiencia como docente, participación cursos seminarios como poñente: Ata 2 puntos.
- Docencia: 0, 10 puntos por mes traballado.
 - Participación como poñente en cursos, seminarios: 0, 20 puntos por curso ou seminario no que participase.
- e) Por outros méritos a avaliar polo Tribunal (experiencia na empresa privada, coñecementos informáticos, título de doutor, etc.) Ata un máximo de : 3,00 puntos.